


DO AUDIBLE 24


Música en diálogo
co arte, coa ciencia,
co tecnoloxía e
co pensamento
contemporáneos

PLATE XXXIV



vertixesonora.gal

vertixe
sonora



ISCM - España



XUNTA
DE GALICIA

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, coa colaboración de Vertixe Sonora, que procura a normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio. A investigación de puntos de encontro entre a música, a ciencia, a tecnoloxía, a arte e o pensamento é o eixo central do ciclo, que busca favorecer o achegamento do público non especializado á creación artística contemporánea e a conquista dunha percepción musical máis consciente. Do Audible propón en cada concerto unha experiencia singular e reveladora que devolve a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano. Rachar fronteiras e romper formatos. Ou crear outros novos. Mostrar o diálogo e a interacción entre disciplinas, a priori, afastadas. Do Audible constitúe un ciclo que evoluciona e desafia permanentemente a un público ávido de experiencias culturais de calidade.

Nesta ocasión presentamos dous concertos e unha serie de actividades que reflexionan sobre a vixencia e as implicacións do minimalismo como estética musical na actualidade. Serán dous eventos, dous rituais de misticismo musical e sonoro a partires da repetición e o transo.

O minimalismo, posiblemente a expresión de maior éxito das surxidas desde as prácticas artísticas en todo o século XX, "adoita incluír por definición calquera música que se implemente cunha cantidade pequena, mínima ou limitada de recursos musicais" (Tom Johnson, compositor nado en 1939). Xurdiu como reacción á natureza subxectiva e representativa do expresionismo e contra calquera culto ao significado, metáfora ou simbolismo na arte. Na estética minimalista, calquera información entre a obra e o espectador é cortocircuitada, e a obra de arte aparece espida, como un "obxecto específico" neutral, que non significa nada por si mesmo.

A música de **Ernesto Martínez** (Cidade de México, 1953) acadou sona mundial cando o célebre compositor e saxofonista norteamericano John Zorn produciu o seu disco "Mutaciones" (Tzadik Records, 2004) incluído na serie "Composers". Espertou así o mundo a unha música repetitiva que parecía interpretada por máquinas e non por seres humanos, unha versión do minimalismo lisérxica e acelerada coma ráfagas de disparos. A partir das técnicas de "entrelazamento", característico de moitos estilos instrumentais da música tradicional —como o *ng'oma* das mulleres Gogo, o *dimbila* dos Makonde, o *mangwilo* dos Shirim, o *bigwala* en Uganda, en África; ou o *koketan* de Bali en Indonesia, etc.—; Ernesto Martínez diseña microcontroladores que subdividen o tempo e distribúen as súas partes entre os intérpretes, permitindo así aos integrantes dun ensemble tecer texturas vertixinosas, coma "crochets" de virtuosismo musical deslumbrante e humanamente imposible.

O **domingo 24 de novembro ás 18.00 horas** no **Museo do Mar de Galicia** de Vigo poderemos asistir, en exclusiva mundial, á estrea da nova obra de Ernesto Martínez para conxunto instrumental **ACCESO MÚLTIPLE POR DIVISIÓN DE TEMPO**. E a través dela, coñecer as teorías cuánticas que tentan explicar o funcionamento do universo á máis pequena escala como a *Loop Quantum Gravity* (Abhay Ashtekar, 1986), unha teoría que presenta a unidade mínima indivisible no espazo-tempo, a "lonxitude de Planck", un millón de veces menor que un electrón.


E o **domingo 1 de decembro ás 12:30 horas** no **Museo de Belas Artes da Coruña** presentaremos **CANTO OSTINATO** para catro teclados de **Simeon Ten Holt** (1923-2012). A primeira representación de CANTO OSTINATO tivo lugar o 25 de abril de 1979 en Ruinekerk en Bergen (Holanda) e durou

dúas horas, converténdose directamente nun dos grandes “hits” da estética minimalista. Unha obra na que o tempo —eterno, sen principio nin final— adquire unha significación ritual para converterse nun espazo multidimensional infindo onde flotan os obxectos musicais como esculturas sonoras que emerxen e desaparecen lentamente.

Para completar o ciclo DO AUDIBLE 24 nos días previos ou posteriores a cada concerto, organizaranse —respectivamente— unha serie de charlas e actividades en colaboración cos Conservatorios Profesional e Superior de Vigo coordinadas por Diego Ventoso e David Rodríguez; e coa Universidade de A Coruña baixo a dirección dos investigadores Vicente Castro e Rocío Chao.

domingo 24 de novembro, 18h | MUSEO DO MAR, Vigo

ACCESO MÚLTIPLE POR DIVISIÓN DE TEMPO



Cando pensamos no **Universo**, a nosa mente tende a dirixirse ao inimaxinablemente inmenso, **un espazo sen fronteiras coñecidas** onde todo existe...

Pero cal sería a súa **unidade mínima**?

Un **gran** de area?

O **átomo** (que se creía indivisible)?

Cecáis os **protóns, neutróns e electróns** que o compoñen?

Os **tres quarks** no que se subdivide cada unha destes elementos?

...?

A **Gravidade Cuántica de Bucles** (Abhay Ashtekar, 1986) tenta explicar o funcionamento do espazo-tempo, a unha escala moi, moi, moi pequena... mesturando teorías aparentemente incompatibles da mecánica cuántica e da relatividade xeral. Implica que o Universo non é infinitamente indivisible. Habería unha unidade mínima de distancia indivisible no espazo-tempo, a chamada "**lonxitude de Planck**", un millóns de veces menor que un electrón.

Sería como o pixel dunha pantalla de televisión, unha unidade que non se pode subdividir. O espazo-tempo estruturaríase en diminutas redes de bucles ou recurrencias conectadas entre si. E a súa vez, estas redes, "**redes de espín**", representarían o estado cuántico dun campo gravitatorio en constante fluxo.

En **ACCESO MÚLTIPLE POR DIVISIÓN DE TEMPO** Ernesto Martínez propónse experimentar esta **unidade mínima do espazo-tempo** nun **espectáculo inmersivo ao ar libre de 60 minutos de duración**.

Divide o tempo en partes simétricas, franxas, que pode enviar a músicos específicos. Nun rango de **50 a 510 pulsacións por segundo**, e cun número de particións variado **entre 1 (a total sincronía) e 8**. Todo isto contrólase a vontade, en tempo real, inferindo á obra un abano inusual de contrastes e variacións.

O conxunto accede a velocidades e texturas –e a un nivel de complexidade– imposible no virtuosismo individual. Aquí, velocidade e ritmo atopan novas dimensións e campos de expresión que fomentan o **virtuosismo colectivo**, creando unha experiencia da física detrás do espazo-tempo.

Música de:
Ernesto Martínez

VERTIXE SONORA

domingo 1 de decembro, 12:30h | MUSEO DE BELAS ARTES, A Coruña

CANTO OSTINATO



Canto Ostinato é a peza máis coñecida do compositor holandés Simeon Ten Holt (1923-2012) e converteuse xa en toda unha icona da música minimalista. Unha interpretación de Canto Ostinato é máis un ritual que un concerto –a primeira interpretación durou dúas horas– na que o ouvinte convértese na testemuña (de apenas un anaco) dun proceso eterno. Un proceso que semella ter escomezado moito tempo atrás da previa do concerto, e que continuará máis aló do remate. Canto Ostinato fai entón audible un anaco do infinito. Porque o tempo convértese aquí no espazo no que flotan os obxecto musicais, e a repetición ten como obxectivo crear situacións na que estes obxectos se fagan transparentes.

A través de Canto Ostinato exploraremos características neurofísicas do noso cerebro relacionadas coa repetición, o transe e o pracer, identificando os mecanismos dopaminérxicos, límbicos e paralímbicos, e os seus bucles corticais asociado

Música de:
Simeon Ten Holt

VERTIXE SONORA David Durán, Luis Ángel Martínez,
Álvaro Sieira, Haruna Takebe *pianos e teclado*

ACTIVIDADES PARALELAS

luns 25 de novembro, 18-21h | Lugar por determinar, Vigo


INTERLOCKING

Obradoiro e evento sonoro dirixido por Ernesto Martínez en colaboración cos Conservatorios Profesional e Superior de Vigo coordinadas por Diego Ventoso e David Rodríguez. Estudiaranse diferentes estilos instrumentais da música tradicional como o ng'oma das mulleres Gogo, o dimbila dos Makonde, o mangwilo dos Shirim, o bigwala en Uganda, en Africa; ou o koketan de Bali en Indonesia, etc. Ernesto Martínez explicará o dispositivo empregado Micro-rrítmia e os participantes explorarán as distintas posibilidades que ofrece.

xoves 28 de novembro, 18-21h | Lugar por determinar, A Coruña

OSTINATI DE INFINITAS TECLAS

Obradoiro e evento sonoro coordinado polos investigadores da Universidade de A Coruña Vicente Castro e Rocío Chao que propón un achegamento experiencial a obra Canto Infinito.



VERTIXE SONORA

Desde a súa presentación en 2011, Vertixe Sonora desenvolve unha intensa actividade en todo o territorio, con ciclos, residencias, festivais, xiras nacionais e internacionais... Aos máis de 200 concertos realizados explorando tódolos xéneros musicais e de artes sonoras, súmanse actividades divulgativas e formativas, documentais, películas, así como concertos en diálogo coas artes, coas diversas formas de coñecemento e coa tecnoloxía. Cada actividade desprende un marcado compromiso coa creación musical que fai que desde Galicia se xerasen, até o momento, 247 estreas absolutas de 197 compositores e compositoras procedentes de 45 países diferentes.

Vertixe Sonora promove unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema musical europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible (encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos), o Festival MIHLSonsXXI na cidade de Lugo, o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora ou o ciclo Latexos son algunhas das contribucións que están a renovar os públicos musicais en Galicia. Vertixe Sonora é un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Premio Martín Códax 2016 de Música clásica contemporánea, está presente de xeito regular na Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de Compositores en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de San Sebastián, Festival Bernaola de Vitoria, ensemble residente do Festival MIXTUR de Barcelona e nos XXVII Premio Novos Compositores Fundación SGAE_CNDM 2016 no Auditorio 400 do Museo Nacional do Centro de Arte Reina Sofía.

O seu recoñecemento internacional permitiulle estar presente en festivais, ciclos de concertos ou

ensembles residentes en Alemaña (Oldenburg, Bremen), Suecia (Estocolmo, Goteborg), Portugal (Lisboa, Oporto, Aveiro, A Garda, Castelo Branco), Francia (Brest), México (Monterrey, Guanajuato), Estados Unidos (Los Ángeles), Italia (Cesena, Bolonia), Suíza (Basilea).

O seu labor foi recollido nos documentais *Correspondencias Sonoras* (2013) de Manuel Do Río, *Son[UT]opías un encontro cultural entre Oriente e Occidente* (2014), de campUSCulturae proxecto financiado pola Culture Agency da Unión Europea, *A lira do deserto* (2020) de Manuel do Río, gravado no ano da conmemoración do 60 aniversario do nacemento do compositor galego Xavier X. Macías

Na súa discografía destaca a gravación do ciclo *Die Wanderung* da compositora Lula Romero para WERGO e os monográficos do compositor mexicano Víctor Ibarra *The dimension of fragile*, e do colombiano Camilo Méndez, *Peripheral Spaces*, ambos para NEOS.

Dende 2021 Vertixe Sonora é a Delegación Española da ISCM, International Society for Contemporary Music entidade organizadora dos World Music Days.